



# PONTEVEDRA

## O poderío económico do viño

Continuamos a ruta cara a Pontevedra, etapa final do itinerario e cidade máis importante do Camiño Portugués de Santiago. Seguimos o trazado do Camiño Portugués e da antiga vía romana XIX. A heroica ponte de Ponte Sampaio dános a benvida ao concello de Pontevedra tras cruzar o río Verdugo, antigo *limis conventualis* romano. Nesta parroquia faremos un alto no camiño para visitar a igrexa de Santa María, para bañarnos na súa praia fluvial, para lembrar os ecos da batalla que en xuño de 1809 tivo lugar aquí ou para merendar no cenador da Illa de Meda, "A Insuñia", lugar de reunión de personaxes ilustres como Valle Inclán, Castelao, Laxeiro ou o pintor Antonio Meda. Recomendamos achegarse á Canicouva e visitar a igrexa románica de Santo Estevo, co seu canzorro do home abrazado a un pipote de viño e a súa cepa de vide na porta recordándonos o carácter sacro do viño na nosa cultura. Unha última parada antes de visitar a vila de Pontevedra é o santuario de san Cibrán de Tomeza, avogoso contra o mal de olo e famoso polos pastequeiros, aqueles curandeiros que usaban o viño nos seus ritos curativos.

A Boa Vila ben merece unha visita pausada pois, á parte dos seus atractivos culturais, comerciais e lúdicos, conta cunha das zonas históricas mellor conservadas de Galicia. Pontevedra foi no seu día a cidade comercial e portuaria máis importante de Galicia e o viño un dos seus principais recursos económicos, ata tal punto que a denominada "Bota de Pontevedra" xeneralizouse como pipa ou envase máis usual do comercio dos viños. O seu uso estendeuse por todos os portos de Galicia e o

Cantábrico e os toneleiros pontevedreses eran demandados en Ribadavia, Betanzos ou requiridos polos provedores das armadas reais con base en A Coruña. Cómpre facer un percorrido pola cidade vella, reminiscencia do pasado esplendoroso da nobre vila e buscar esas enraizadas conexións co viño e a súa cultura.

Unha visita á Casa das Campás, considerada a casa máis antiga de Pontevedra e, segundo a tradición, morada do famoso pirata Benito Soto; a obrigada visita á igrexa da Virxe Peregrina, templo con planta de cuncha de vieira, ou descubrir os tesouros artísticos da basílica de Santa María a Maior, exemplo en pedra do poder económico do gremio de mareantes, motor comercial da cidade no século XVI cando o monopólio do comercio das salgaduras e as exportacións de viño xogaron un papel fundamental no apoxeo económico de Pontevedra, son algunhas das opcións que temos. Percorremos sen présa as rúas e prazas da vella Pontevedra, baixando pola rúa Isabel II cara ao cruceiro das Cinco Rúas e cruzando a rúa Real para tomar pola rúa Sarmiento ata a igrexa de San Bartolomeu. O mesmo percorrido que seguía o Camiño dos arrieiros que traían o famoso viño das ribeiras do Avia. Aconsellamos achegarse a ver os retablos barrocos decorados con follas de parra da igrexa de San Bartolomeu. Esta igrexa, recordo de San Bartolomeu "o vello", estaba moi vencellada ao cultivo da uva en Pontevedra pois entendiase que o viño ullao, ou da colleita dos seus veciños, era o cultivado na contorna na vila, a una distancia na que fose posible oír as campás parroquiais da desaparecida igrexa de San Bartolomeu "o vello".

Moitos máis son os atractivos culturais e turísticos desta vila: os seus parques e as súas prazas, como a Ferreiría, a da Leña ou a da Verdura; a súa animada vida nunhas rúas e prazas hoxe peonís para goce da cidadanía; o mosteiro de Lárez; a Illa das Esculturas cunha mostra de arte única en Europa; a rica oferta gastronómica ou unha visita ao Museo Provincial de Pontevedra, lugar ideal para coñecer a historia da cidade e poder observar unha das representacións, posiblemente, de acios de uvas máis antigas de Galicia (as arracadas castrexas de ouro de A Grotta e de Cances), son outras das propostas que nos ofrece esta Ruta dos Viños Oceánicos.

### Gastronomía

Podemos aproveitar a nosa estancia en Pontevedra, capital da provincia e centro administrativo e comercial, para probar algunha das delicias gastronómicas da nosa contorna. Por exemplo, un magnífico lachón con grelos acompañado dun cañiño tinto como os que se fan na nosa IXP. Se os peixes e mariscos destas costas destacan pola súa calidade, as carnes tampouco se queda atrás: porco, tenreira galega ou cabrito cobran tamén especial protagonismo na nosa gastronomía. Nas sobremesas abundan os doces representativos destas comarcas, dende o leite frito, as chulas, as filloas ou o requieixo ata queixos, canas de crema, vinchas ou empanada de mazá, sen esquecer as froitas e froitos da terra como a castaña. Uns produtos naturais de exquisita calidade que xunto coas patacas, verzas, grelos, leitugas, repolos, pementos, tomates, chicharos ou fabas das xenerosas hortas destas ribeiras do Morrazo conforman a base dunha gastronomía que non nos deixará indiferentes e que, seguro, regalará momentos de grande pracer e recordos dos que perduran no tempo e no padal. A nosa estancia en Pontevedra é a oportunidade ideal para gozar de todos estes praceres culinarios.



### Organiza a visita

## Que visitar?

- Pontevedra (punto de centralidade)
- Zona monumental de Pontevedra
- Museo Provincial de Pontevedra
- Basílica de Santa María a Maior
- Igrexa de San Bartolomeu
- Igrexa da Peregrina
- Santiaguíño do Burgo
- Mosteiro de San Bieito de Lárez
- Pazo da Parda
- Pazo de Montero Ríos
- Pazo do Arcebispo Malvar ou de Gandarón
- Parque Etnoarqueolóxico do Outeiro das Mouras
- Ponte Sampaio
- Igrexa da Canicouva e Cama de Santo Estevo
- Santuario de San Cibrán de Tomeza

**Ponte Sampaio**  
Coordenadas: 42.346167, -8.606814  
Distancia dende o Monte da Peneda:  
5 Km, tempo: 10 min

**Santo Estevo da Canicouva**  
Coordenadas: 42.371417, -8.613752  
Coordenadas da Cama do Santo: 42.369873, -8.613753  
Distancia dende Ponte Sampaio:  
3.5 Km, tempo: 7 min

**Ermida de San Cibrán de Tomeza**  
Coordenadas: 42.411319, -8.627215  
Distancia dende a Canicouva:  
6.7 Km, tempo: 13 min

**Vila de Pontevedra**  
Coordenadas: 42.421721, -8.636360  
(Estación de tren)  
Distancia dende San Cibrán de Tomeza:  
3 Km, tempo: 7 min

**Mosteiros de San Bieito de Lárez**  
Coordenadas: 42.449175, -8.632728  
Distancia dende Pontevedra:  
4.5 Km, tempo: 10min

**Illa das Esculturas**  
Coordenadas: 42.4381045, -8.6342794  
Distancia dende o mosteiro de Lárez:  
1 Km, tempo: 5 min

**Pazo de Montero Ríos: Santo André de Lourizán (Pontevedra)**  
Coordenadas: 42.409409, -8.664890  
Distancia dende Pontevedra:  
5 km, tempo: 10 min

**Parque Etnoarqueolóxico do Outeiro das Mouras**  
Coordenadas: 42.390375, -8.665916  
Distancia dende Pontevedra:  
5 km, tempo: 10 min

**Pazo do Gandarón**  
Coordenadas: 42.405030, -8.642886  
Distancia dende Pontevedra:  
3 Km, tempo: 5 min

### Interactivo



Percorremos o antigo límite amurallado da cidade, pola actual rúa Serra, ata a Ponte do Burgo, en cuxas escavacións arqueolóxicas, e nun depósito de restos vexetais, se atoparon sementes de vide do século XV. E é, precisamente, no barrio pontevedrés do Burgo onde finalizaremos o noso percorrido enocultural, pois aquí a tradición e a mitoloxía sitúan o nacemento das primeiras uvas desta terra que hoxe integra a IXP Ribeiras do Morrazo. Conta a tradición que cansado de tanto peregrinar pola nosa terra, Santiago Apóstolo decidiu sentar nun terreo de A Santiña, na parroquia de O Burgo. Cando os donos do predio viron que o apóstolo estaba alí descansando foron xunto el e ofrecéronlle froitas coas que repoñer forzas para continuar o seu camiño cara a Compostela. Cóntase que, en agradecemento, Santiago prometeu que naquela horta nacerían cada ano as primeiras uvas e espigas de millo da colleita. En lembranza de tal feito, cada 25 de xullo, os veciños de O Burgo seguen ofrecéndolle ao santo uvas e millo e sacándoo en procesión a rúa en agradecemento por tales favores.



Ruta dos Viños  
OCEÁNICOS

